

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE
A CORUÑA

DEPARTAMENTO DE ACORDEÓN

PROBA DE ACCESO PARA O CURSO 2022/23

DEPARTAMENTO DE ACORDEÓN

PROBA DE ACCESO A proba de acceso para a especialidade de Acordeón constará de tres partes:

PARTE A) INTERPRETACIÓN dun programa cunha duración máxima de trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade apropiada a este nivel. As obras que así o requiran serán executadas co instrumento acompañante que corresponda. Será responsabilidade do aspirante a presentación deste instrumentista. O aspirante entregará por escrito o programa ao tribunal xunto con tres exemplares das obras ou estudos que se vaian a interpretar.

O tribunal valorará a adecuación das obras elixidas ao nivel esixible para o acceso ao grao superior.

PARTE B) ANÁLISE formal, harmónica, estilística e historicista dunha obra ou fragmento proposta polo tribunal.

PARTE C) LECTURA a vista dunha obra ou fragmento proposto polo tribunal, cun tempo de preparación, ante o tribunal, de 5 minutos só de lectura, sen execución instrumental, onde se poderán incluír os manuais MII e/ou MIII para a man esquerda.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da proba de acceso ao grao superior.

a) No apartado de interpretación o tribunal valorará a proba segundo os seguintes criterios:

. Dificultade do programa escollido polo candidato. Dominio na execución de obras e/ou estudos sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 5 puntos

. Capacidade comunicativa e calidade artística na interpretación. 5 puntos

c) No apartado de lectura a vista o tribunal valorará a proba segundo os seguintes criterios:

. Fidelidade ao concepto xeral da obra. 7 puntos

. Fraseo, aspectos dinámicos e agónicos. 3 puntos